

ACTA N.º 01 / 2018**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO PROVINCIAL DE
TURISMO**

DATA	Mércores ,17 de OUTUBRO de 2018
HORA	17:30 horas
LUGAR	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
ASISTENTES	• PRESIDENTE: DARÍO CAMPOS CONDE • VICEPRESIDENTE: EDUARDO VIDAL BAAMONDE • SECRETARIO: MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA • GRUPO PROVINCIAL PSDG: SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JUAN CARLOS ARMESTO QUIROGA (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ ANTONIO GARCÍA LÓPEZ (SUPLENTE) • GRUPO PROVINCIAL BNG: ANTONIO VEIGA OUTEIRO (TITULAR) • MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA: ALFREDO LLANO GARCÍA (TITULAR) • CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR) • VICERREITORADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CAMPUS DELUGO: JESÚS VARELA ZAPATA (TITULAR) • CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR) • ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)

- | | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none">• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR)• ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUIAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)• ASOCIACIÓN GALEGA DE PROPIEDADE BALNEARIA - BALNEGAL: SANTIAGO VILLANUEVA FALQUE (SUPLENTE)• FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE)• AUXILIA: MARIA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)• XEFA DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PILAR GARCÍA PORTO (TITULAR) – AUSENTE• ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS DA PROVINCIA DE LUGO - ACUL – AUSENTE• AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA – AUSENTE• ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR) –AUSENTE |
|--|---|

ORDE DO DÍA

- 1 - Constitución do Consello Provincial de Turismo.
- 2 - Dación de conta do Regulamento do Consello Provincial de Turismo.
- 3 - Establecemento do réxime de sesións.
- 4 - Proposta para a integración no Consello dun experto de ámbito universitario ligado ao sector do Turismo.
- 5 - Rogos e preguntas.

DESENVOLVEMENTO

1 - Constitución do Consello Provincial de Turismo.

No Pazo Provincial de San Marcos ás 17:45, o Presidente, Sr. D. Darío Campos Conde, toma a palabra e abre a sesión constitutiva do Consello Provincial de Turismo, agradecendo a asistencia dos participantes e sinala a importancia do turismo como elemento clave para a supervivencia do territorio, destacando a importancia do Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo (2017-2020) como marco de desenvolvemento turístico da Provincia.

Prosegue a dicir que ao abeiro deste plan, que busca a posta en valor do territorio, está a organización e xestión do turismo e por iso a Deputación Provincial de Lugo promove a creación do Consello Provincial de Turismo como organismo multidisciplinar e participativo, por ese motivo, os seus membros poderán propor iniciativas que contribúan a desenvolver medidas neste senso. Indica, tamén, que se agarda que este Consello Provincial de Turismo axude a situar a provincia no lugar onde se merece.

O Presidente pregunta ao Secretario, D. Manuel Castiñeira Castiñeira, se hai *quórum* para a constitución do consello. O secretario indica que sí e procede a lectura do artigo 9 do Regulamento do Consello de Turismo da Provincia de Lugo onde se sinala que *"para a sesión constitutiva será necesaria a presenza, ademais do presidente, secretario e Xefe da Área de Turismo e Cultura, dun terzo dos restantes membros"*.

O Secretario sinala que, por tanto, a asistencia tería que ser de oito persoas asistido 19 a sesión constitutiva, polo que existe quorum para a constitución do Consello Provincial de Turismo.

2 - Dación de conta do Regulamento do Consello Provincial de Turismo.

O Presidente cede a palabra ao Vicepresidente e Deputado Delegado de Turismo, D. Eduardo Vidal Baamonde, que procede a facer unha exposición do Regulamento do Consello.

Este sinala que no eido deste Consello de Turismo, para a súa gobernanza, precisamos a participación dos sectores que conforman o sector servicios do turismo, no sentido máis amplo posible. Indica que non está pechada a participación no Consello, podendo esta abrirse a novos participantes mediante proposta do mesmo.

A continuación indica que non houbo alegacións públicas aos Estatutos do Consello e, por tanto, están vixentes. Por acordo plenario constitúese o Consello con carácter consultivo e participativo co fin de canalizar a participación dos diferentes axentes públicos e privados do seu territorio.

Seguidamente sinala que non están presentes organizacións que non nomearon representante (Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Consumidores e Usuarios da

Provincia de Lugo – ACUL) pasando a continuación a mencionar as funcións do consello que hoxe se constitúe, recollidas no seu regulamento, isto é: Analizar e valorar os datos e estatísticas do sector na provincia de Lugo; Presentar un informe anual das súas actuacións; Orientar e deseñar actuacións destinadas á mellora e desenvolvemento da oferta turística para a satisfacción e incremento da demanda; Realizar o seguimento da execución dos plans de desenvolvemento turístico; Asesorar ao goberno provincial en materia turística, entre outros.

Acto seguido comenta que na composición inicial considerábase a asistencia de 26 representantes, pero os xeodestinos Ancares-Courel e Lugo-Terra Chá non están constituídos como tales hoxe en día.

Punto seguido menciona que o cargo de Vicepresidente designouse por Decreto da Presidencia.

A continuación indica que o Consello reunirase en sesións ordinarias, dúas ao ano que serán debatidas no punto posterior, e en sesións extraordinarias.

Tamén sinala que as diferentes comisións teñen que ser creadas no eido do Consello, constituídas polos propios actores do mesmo e tamén por persoas alleas para asesorar. Ademais en cada comisión ten que haber unha persoa coordinadora.

Seguidamente engade que os acordos adoptaranse por maioría simple e, en caso de empate, dirimiranse co voto de calidade da presidencia.

Finalmente, sinala que para as indemnizacións por desprazamento para os Consellos e Comisións que se poidan celebrar, existe un protocolo para o pago das mesmas.

Finalizada a intervención do Vicepresidente, solicita a palabra o representante do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Juan Carlos Armesto Quiroga, que inicia dando a noraboa pola constitución do Consello. A continuación sinala que a designación do Presidente da Deputación como Presidente do Consello Provincial de Turismo veo de xeito claro, xa que están representados todos os partidos políticos e indica a importancia do tecido asociativo no mesmo e solicita, se é posible, que a vicepresidencia recaia nalgunha das entidades que conforman o mesmo.

En resposta, o Presidente sinala que o Vicepresidente xa está designado.

3 - Establecemento do réxime de sesións.

O Presidente propón que as sesións ordinarias teñan lugar en marzo e outubro, propoñendo como día de celebración o último mércores do mes.

A continuación, toma a palabra o representante da Federación Galega de Turismo Rural, D. Francisco Xabier Almuíña Chorón, que propón que a reunión sexa no primeiro trimestre para así non coincidir ca Semana Santa.

En resposta, o secretario sinala que no réxime de sesións, se coincide cun festivo, pódese celebrar outro día.

O presidente propón que se celebre o primeiro mércores de marzo e o primeiro mércores de outubro.

Seguidamente, toma a palabra a representante da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia – APIT, Dona Mónica Díaz Jublín sinalando que o primeiro mércores de outubro pode coincidir co San Froilán e por tanto, son datas de forte carga de traballo.

Finalmente, o Presidente propón que as sesións ordinarias celébrese o primeiro mércores de marzo e ou último mércores de outubro ás 17:00 horas.

4 - Proposta para a integración no Consello dun experto de ámbito universitario ligado ao sector do Turismo.

Presidente dá a palabra ao Vicepresidente para que propoña a candidatura por parte da Deputación Provincial de Lugo dun experto de ámbito universitario ligado ao sector do Turismo.

O Vicepresidente menciona que no regulamento sinalan que poden formar parte do consello, ademais dun representante da Universidade de Santiago de Compostela (USC), un experto de recoñecido prestixio que pode ser ou non universitario. Por isto, fai a proposta entornando ao D. Miguel Pazos Otón facendo referencia a que se trata dun profesor da USC, Licenciado e Doutor en Xeografía, membro do Consello de Turismo de Galicia e do Consello de Turismo de Santiago de Compostela. Nado na Coruña e con vínculos coa provincia de Lugo. Menciona que ten máis de cen publicacións adicadas ao turístico; as súas investigacións céntranse no turismo sostible, a planificación turística, turismo e transporte e o turismo en cidades históricas. Ademais é director do Centro de Estudos Turísticos da USC (CETUR), polo que se pode aproveitar esa vagaxe. Tamén colaborou no desenvolvemento de diferentes plans estratéxicos de turismo de Xunta de Galicia. O Vicepresidente sinala que o candidato está disposto a participar no Consello Provincial de Turismo.

Toma a palabra o representante do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Juan Carlos Armesto Quiroga, sinalando que descoñecían a proposta e que se o Consello ten carácter consultivo e que nace ca vontade de todos, propón facer unha proposta alternativa ou ben ter tempo para avaliar ao candidato proposto.

Responde o Vicepresidente sinalando que na orde do día da sesión constitutiva indicábase que se traía a proposta para a integración no Consello dun experto de ámbito universitario

ligado ao sector do Turismo e que, por tanto, calquera membro do Consello podía aportar a súa proposta para ser debatida. Ademais sinala que ata o momento de facer a proposta, esta non ten que ser de dominio público.

Procedese entón a votación para a designación do candidato proposto:

Votos a favor: 15. (DARÍO CAMPOS CONDE, EDUARDO VIDAL BAAMONDE, SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, ALFREDO LLANO GARCÍA, LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, JESÚS VARELA ZAPATA, JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (en representación do Clúster de Turismo de Galicia), ÁNGEL TRABADA GÓMEZ, JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Lugo), JOSÉ MARIA SEIJAS LÓPEZ, MÓNICA DÍAZ JUBLÍN, SANTIAGO VILLANUEVA FALQUE, FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN, MARIA NURIA NEIRA VILA e MERCEDES LAMELA LÓPEZ)

Abstencións: 3. (JUAN CARLOS ARMESTO QUIROGA, JOSÉ ANTONIO GARCÍA LÓPEZ e ANTONIO VEIGA OUTEIRO)

Votos en Contra: 0

Quedando aprobado a designación do candidato D. Miguel Pazos Otón como vocal do Consello Provincial de Turismo en calidade de experto de recoñecido prestixio do ámbito do Turismo.

5 - Rogos e preguntas.

En primeiro lugar, toma a palabra a representante de Auxilia Lugo, Dona María Nuria Neira Vila, solicita que se teña en conta a súa asociación para o turismo accesible, xa que, a miúdo, fanse propostas de accesibilidade que non acostuman a ser aplicables para xente en cadeira de rodas ou en andadores.

O Vicepresidente sinala que dentro do Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo (2017-2020) está recollido o impulso do turismo accesible.

Acto seguido, toma a palabra o representante da Federación Galega de Turismo Rural, D. Francisco Xabier Almuíña Chorón, agradecendo o convite e instando a Deputación que toda a documentación remitida se faga chegar en formatos que sexan visibles para a xente con diversidade funcional, en formato Word ou PDF para consultalos a través de lectores de pantalla.

Responde o Presidente que sinala que se toma nota da petición.

Seguidamente, toma a palabra o representante do Vicerreitorado da USC – Campus de Lugo, D. Jesús Varela Zapata agradecendo a invitación e resalta o compromiso da Universidade para por todos os seus recursos e liñas de actuación desenvolvidas pola institución no eido do turismo ao servizo do Consello Provincial de Turismo.

A continuación, toma a palabra o representante da Mancomunidade de Municipios da Mariña, D. Alfredo Llano García sinalando a Mariña como unha zona estratéxica e como xedestino turístico importante. Considerando necesaria a coordinación pregunta sobre a presenza en FITUR no mes de xaneiro e se teñen preparado unha estratexia.

Responde o Vicepresidente dicindo que a Deputación Provincial de Lugo xa ten preparada un amplo abano de posibilidades programadas para a celebración de FITUR no vindeiro mes de xaneiro.

Acto seguido, toma a palabra o representante da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo e máis do Clúster de Turismo de Galicia, D. José Francisco Real Castro agradecendo a constitución do Consello Provincial de Turismo e lembrando que fai seis ou sete anos, o Pleno da Deputación, por unanimidade, aprobou que a marca “E para comer...Lugo” aparecese en todo o que se edite dente a Deputación Provincial de Lugo. Solicita que se teña en consideración esta proposta e que se aplique por parte do organismo provincial.

Responde o Vicepresidente recollendo esa suxestión e lembra que no abeiro do Plan Estratéxico da Provincia de Lugo (2017-2020), impulsouse a marca Lugo Cambia.

Seguidamente, toma a palabra o representante da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Provincia de Lugo D. Ángel Trabada Gómez, instando ao Consello a comezar a traballar no próximo Ano Santo no 2021 coa creación das mesas de Traballo do Camiño Francés ademais do Camiño Primitivo, Camiño de Inverno e Camiño do Norte.

Resposta o Vicepresidente sinalando que existen mesas técnicas, institucionais e de expertos sobre eses temas e lembra que en meses anteriores estivo reunido co responsables do Xacobeo e de Turismo de Galicia para poñer en común traballos. Encoméndase tratar este tema na primeira reunión ordinaria do Consello.

Finalmente, toma a palabra a Xefa da Área de Turismo e Cultura da Deputación Provincial de Lugo, Dona Mercedes Lamela López, resaltando a importancia dos Camiños de Santiago para a Deputación Provincial de Lugo sendo necesario revitalizar este papel. Lembrou ademais que Lugo é a provincia con máis quilómetros de rutas xacobeas e considera necesario empregar as próximas sesións do Consello para que os membros do mesmo desenrolen iniciativas e as poña en común e traballar nas mesmas.

Non habendo máis preguntas, toma a palabra o Presidente para dar por finalizada a sesión sendo as 18:15 horas.

V. e pr.
O Presidente

Darío Campos Conde

O Secretario



Manuel Castiñeira Castiñeira